



EXAME TIPO TEST

1.- Os Estudos de Detalle ¿poden prever a apertura de vías de uso público non contempladas previamente no planeamento que desenvolvan ou complementen?

- a) Só cando se preste o compromiso da súa urbanización simultánea.
- b) Non.**
- c) Si.

2.- O Solo Urbanizable Non Delimitado se desenvolve a través de:

- a) Plans Parciais.
- b) Plans Especiais de Reforma Interior.
- c) Plans de Sectorización.**

3.- Os Proxectos Sectoriais son:

- a) Instrumentos de planeamento.
- b) Instrumentos de ordenación do territorio.**
- c) Proxectos de obras.

4.- A declaración de lesividade para o interese público se leva a cabo na revisión de:

- a) Os actos nulos favorables aos interesados.
- b) Os actos anulables favorables aos interesados.**
- c) As disposicións de carácter xeral.

5.- Se nun municipio existe planeamento, a obriga de que os terreos deban estar urbanizados de acordo coas aliñacións, rasantes e normas técnicas establecidas naquel é un requisito para ter a condición de:

- a) Solo urbano.
- b) Solo de núcleo rural.
- c) Solar.**

6.- O dereito a disfrutar dunha vivenda digna e adecuada regulado no artigo 47 da Constitución Española, ¿é susceptible de protección a través do recurso de amparo?:

- a) Si.
- b) Non.**
- c) Só para vivendas suxeitas a algún réxime de protección pública.

7.- Segundo o PXOM (Plan Xeral de Ordenación Municipal) do Concello de Lugo, a sección mínima para unha vía ciclista unidireccional será:

- a) 1,50 m.**
- b) 1,60 m.
- c) 1,40 m.

8.- Segundo o PXOM (Plan Xeral de Ordenación Municipal) do Concello de Lugo, en solo urbano, a rede de abastecemento de auga constrúese en:

- a) Cobre de diámetro mínimo de 100 mm. para a tubaxe de distribución situada en cada beirarrúa.
- b) Fundición dúctil de diámetro mínimo de 125 mm. para a tubaxe de distribución situada en cada beirarrúa.**
- c) Plástico ignífugo de diámetro mínimo de 120 mm. para a tubaxe de distribución situada en cada beirarrúa.



Concello de Lugo

9.- De acordo co Real Decreto sobre Seguridade e Saúde en obras de construción, nunha obra cun único proxectista, o estudo de seguridade e saúde será elaborado:

- a) Polo coordinador de seguridade e saúde durante a execución da obra.
- b) Polo proxectista.
- c) **Polo técnico competente designado polo promotor.**

10.- A presentación do Plan de Seguridade e saúde é requisito necesario para:

- a) O visado dos proxectos.
- b) A licenza municipal.
- c) **O inicio das obras.**

11.- A pendente máxima dunha rampla adaptada de 23 m. de lonxitude é:

- a) 6% (incrementable nun 2% con xustificación expresa no proxecto)
- b) 8% (incrementable nun 2% con xustificación expresa no proxecto)
- c) **O Regulamento non permite ramplas adaptadas desa lonxitude.**

12.- Segundo a Ordenanza Municipal de Supresión de Barreiras Arquitectónicas, en que artigo se regulan os bolardos e que luz libre mínima determina:

- a) **Art. 11 cunha luz de 0,95 m.**
- b) Art. 9 cunha luz de 0,90 m.
- c) Art. 12 cunha luz de 0,85 m.

13.- En calquera obra pública, de acordo co disposto no RDL 3/2011, se a obra se arruína con posterioridade á expiración do prazo de garantía por vicios ocultos da construción, debido ao incumprimento do contrato por parte do contratista, responderá este dos danos e prexuízos que se manifesten durante un prazo de:

- a) 10 anos
- b) **15 anos**
- c) Ningunha das anteriores

14.- ¿En que artigo do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público se establecen as condicións que deben rexer para a recepción de obra e a garantía?:

- a) **No artigo 235**
- b) No artigo 237
- c) Ningunha das anteriores é correcta

15.- Os redutores de velocidade están regulados:

- a) Na lei 8/2013 de Estradas de Galicia
- b) Na Instrución Técnica para a Instalación de Redutores de Velocidade e Bandas Transversais de Alerta en Estradas promulgada pola Federación Española de Municipios e Provincias en outubro de 2013
- c) **Na Instrución Técnica para a Instalación de Redutores de Velocidade e Bandas Transversais de Alerta en Estradas da Rede de Estradas do Estado**

16.- Segundo as Instrucións Técnicas para Obras Hidráulicas de Galicia, a distancia mínima á fachadas, cimentacións ou outras instalacións soterradas semellantes medidos dende unha rede de abastecemento cun diámetro nominal superior a 300 mm será de:

- a) 0,80 m dende a xeratriz exterior
- b) **0,35+1,5xDN dende a xeratriz exterior**
- c) Ningunha das anteriores





Concello de Lugo

17.- Segundo a Norma 6.1 IC “Seccións de firme” defínese a explanada como:

- a) Parte do firme situada debaixo do pavimento cuxa misión é eminentemente estrutural.
- b) Superficie sobre a que se apoia o firme, pertencente á súa estrutura.
- c) **Superficie sobre a que se apoia o firme, non pertencente á súa estrutura.**

18.- Segundo a Norma 6.1. IC “Seccións de firme”, nun pavimento de formigón as xuntas transversais en zona pluviométrica chuviosa:

- a) Selaranse como as lonxitudinais se se trata de xuntas de contracción
- b) Selaranse como as lonxitudinais se se trata de xuntas de formigonado
- c) **As dúas son correctas**

19.- Segundo as Instrucións Técnicas para Obras Hidráulicas de Galicia, a separación máxima entre pozos de rexistro para un colector de diámetro nominal inferior a 600 mm será de:

- a) **80 m**
- b) 40 m
- c) Ningunha das anteriores

20.- Segundo as Instrucións Técnicas para Obras Hidráulicas de Galicia, a separación mínima entre as xeratrices externas das tubaxes de rede de sumidoiros e saneamento aloxadas en gabia e as dos condutos, ou as arestas dos prismas dunha liña de Baixa Tensión, será de:

- a) **20 cm en pranta e 20 cm en alzado**
- b) 50 cm en pranta e 30 cm en alzado
- c) 30 cm en pranta e 30 cm en alzado

RESERVA:

1.- Os proxectos de urbanización son:

- a) Instrumentos de planeamento.
- b) Proxectos de equidistribución de cargas e beneficios.
- c) **Proxectos de obras.**

2.- A largura mínima dun itinerario practicable na rede viaria dun área desenvolvida por instrumentos de ordenación integral será de:

- a) 0,90 m.
- b) **1,50 m.**
- c) 1,20 m.

3.- Segundo as Instrucións Técnicas para Obras Hidráulicas de Galicia, o rango de valores de referencia para as presións mínima e máxima nos puntos de entrega dunha rede de abastecemento ven determinado polos seguintes valores

- a) **0,25 Mpa para a presión mínima e 0,60 Mpa para a presión máxima**
- b) 0,10 Mpa para a presión mínima e 0,50 Mpa para a presión máxima
- c) 0,10 Mpa para a presión mínima e 0,60 Mpa para a presión máxima